

# **CHÉVERE MEMORIA DE ACTIVIDADES REALIZADAS EN TEO 2016/2019**

*Memoria de actividades realizadas por Chévere como compañía adxudicataria do Contrato do Servizo de Producción e Dinamización Teatral no Concello de Teo (BOP, 11 abril 2016).*

*Período: xuño 2016 a xuño 2019*

# ÍNDICE

1. A COMPAÑÍA CHÉVERE EN TEO
  - 1.1. CAPITAL CULTURAL E PROXECCIÓN
  - 1.2. EQUIPO HUMANO
  - 1.3. COLABORADORES LOCAIS
  - 1.4. DOTACIÓN TÉCNICA DO AUDITORIO
2. DINAMIZACIÓN AUDITORIO, ENRIQUECEMENTO OFERTA CULTURAL
  - 2.1. PRODUCCIÓN E PROGRAMACIÓN
    - 2.1.1. ULTRANOITES
    - 2.1.2. CREACIÓN DE CHÉVERE
    - 2.1.3. A BERBERECHEIRA
    - 2.1.4. PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS
  - 2.2. OUTRA PROGRAMACIÓN NO AUDITORIO
3. ACTIVIDADES NOUTROS ESPAZOS DO CONCELLO
4. TOTAL ACTIVIDADES
  - 4.1. ACTIVIDADES POR ANOS
  - 4.2. PREZO REAL DE MERCADO DAS ACTIVIDADES
5. PROXECTOS COA COMUNIDADE
  - 5.1. SOUNDPAINTINGTEO
6. ACTIVIDADES NO ÁMBITO EDUCATIVO
7. INTERCAMBIOS/COLABORACIÓN CON OUTROS ARTISTAS
8. MEMORIA ECONÓMICA

# A COMPAÑÍA CHÉVERE EN TEO

## CAPITAL CULTURAL E PROXECCION

Chévere é unha compañía con valores específicos e unha personalidade singular que a converten nun caso único no ámbito galego e nunha referencia consolidada dentro do sistema escénico español, como demostra o feito de ter recibido o **Premio Nacional de Teatro en 2014**, sendo compañía residente no concello de Teo. É a primeira vez que un grupo galego recibe este premio e Chévere forma parte do reducido número de compañías que o recibiron nos últimos 50 anos, xunto a *La Fura dels Baus*, *La Zaranda*, *Els Joglars*, *Teatre Lliure*, *Animalario*, *Ur Teatro*, *Atalaya-TNT* e *Kamikaze*.

Chévere é a compañía con máis experiencia no desenvolvemento e aplicación de **proxectos de residencia escénica** no ámbito estatal. Ademais de xestionar un espazo propio como compañía desde 1992 a 2011, a *Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa*, durante os anos 2008 a 2011 levou a cabo un proxecto específico de residencia con apoio da *Agadic* (Axencia Galega das Industrias Culturais) e do concello de Santiago de Compostela. Entre 2012-2015 desenvolveu un proxecto de residencia no concello de Teo. E no ano 2016 gañou a licitación do contrato de Dinamización e Producción Teatral para o Concello de Teo, converténdose en referencia para outros concellos e compañías do resto do Estado.

O traballo escénico de Chévere ten un importante compoñente social, implicando á comunidade local e fomentando a **participación cidadá**. Ao mesmo tempo, Chévere ten unha demostrada **capacidade de produción**, que serviu para captar recursos económicos complementarios que, dun xeito ou outro, redundaron na mellora da oferta cultural do concello de Teo. A **proxección nacional, estatal e internacional** das obras e dos proxectos escénicos de Chévere serviron tamén para visibilizar, reforzar e rendibilizar as políticas culturais promovidas polo concello de Teo. Durante estes últimos tres anos Chévere foi convidado a contar a experiencia desenvolvida en Teo como compañía residente en festivais, encontros e xornadas profesionais como:

- VIII Jornadas Sobre Inclusión Social y Educación en las Artes Escénicas organizadas polo INAEM-Ministerio de Cultura en A Coruña en 2016.
- Festival Mercosur, Córdoba (Arxentina) 2016.
- Dferia, Feria de Artes Escénicas, Donostia 2016 Capital Europea da Cultura.
- Escena Ibérica, Teatro de Braga (Portugal), maio 2017.
- Hiperespazos, xornadas sobre residencias artísticas e xestión innovadora de espazos culturais e sociocomunitarios, celebradas no Centro Ágora da Coruña, novembro 2017.
- Conexión Hemisferio, encontro para el diálogo creativo y permanente entre España, Portugal e liberoamérica, La Casa Encendida, Madrid, maio 2019, organizado por Accion Cultural Española-Ministerio de Asuntos Exteriores, gobierno de España.

Ademais, durante estes anos Chévere presentou o seu traballo en numerosas cidades, comunidades autónomas e outros países, contribuíndo a visibilizar a acción cultural do concello de Teo como compañía residente:

- Presenza en toda Galicia, en 66 concellos das catro provincias.
- Presenza en cidades como Madrid, Valencia, Sevilla, Bilbao, Zaragoza, Donostia, Alacant, Granada, Pamplona, Palma de Mallorca, Oviedo, Albacete, Logroño, León, Girona...
- Presenza en todas as comunidades autónomas, agás Canarias.
- Presenza en París, Buenos Aires, Montevideo, Córdoba (Arxentina), Braga (Portugal), Tondela (Portugal).

## EQUIPO HUMANO DA COMPAÑÍA EN TEO

O equipo de traballo de Chévere en Teo estivo dirixido e coordinado por *Xesús Ron*, responsable da área artística, e por *Patricia de Lorenzo*, responsable da área de produción. Xunto a eles, Chévere dispuxo dun amplo equipo de profesionais integrado por actrices, actores, músicos, técnicos e persoal de produción, administración e comunicación para o desenvolvemento das accións propostas.

Persoal con dedicación continuada (5):

- Patricia de Lorenzo
- Xesús Ron
- Xacobe Martínez Antelo
- Fidel Vázquez
- Xana García

Persoal con dedicación puntual (27):

- Manuel Cortés
- Miguel de Lira
- Arantza Villar
- Mónica García
- César Goldi
- Iria Pinheiro
- Borja Fernández
- Inés Portela
- Mari Carmen Gómez
- Cuco Pino
- Xurxo Pinheiro
- Max Gómez
- Manuel Cebrián
- Clara Gayo
- Carlos Santiago
- Serxio Zearreta

- Iván Marcos
- Diego Anido
- Cristina Iglesias
- Marcos Ptt Carballido
- Suso Alonso
- David Vieites
- Suso Jalda
- Fausto Isorna
- Lucía Estévez
- Leticia Blanco
- Óscar Villán

## ENTIDADES LOCAIS COLABORADORAS

Durante os últimos anos Chévere ten establecido **colaboracións con distintas entidades, profesionais e asociacións locais** do concello de Teo:

- Directivas e ANPAS dos centros escolares do concello.
- Asociacións culturais: A Mámoa (Luou), SR Calo, Pontevelle (Pontevea), Arcos Tilos, Rosalía de Castro (Cacheiras), Banda Cultural de Teo.
- Asociacións veciñais: Francos, Solláns, Vilar de Calo, Bamonde.
- Outras asociacións: Aspamite, Plataforma Casalonga Limpa de Residuos.
- Tecido empresarial e profesional: diversos comercios de Cacheiras (TeoVet clínica veterinaria, Olga Rodríguez Novias, Panadaría San José, Wellness Sport ximnasio, Libraía O Trasnó Viaxeiro, Noval Seguros Inmobiliaria, Canaletto Restaurante, Hedra floristería, Golán perruquería), A Santa Sede, A Senra, Fogar de Santiso, Mada Producións.

## DOTACIÓN TÉCNICA DO AUDITORIO CONSTANTE LISTE

RELACIÓN DE MATERIAL E EQUIPAMENTO TÉCNICO DE CHÉVERE INSTALADO NO AUDITORIO DURANTE A DURACIÓN DO CONTRATO

- **Maquinaria**  
 16 tarimas 2 m. x 1 m. c/u tipo ROSCO con patas regulables e barandillas, que forman unha bancada de catro alturas para o público.  
 Chan PVC, branco e negro de 6,5m. x 10 m. instalado no escenario  
 Pano de fondo, patas negras e telón en branco  
 5 varas de 50 mm. e 9 m. de longo para colgar focos  
 4 Eslingas negras de 2 m. con cable interior  
 12 pezas de truss triangular de 3 m.  
 2 pezas de truss triangular de 3 m unión cónica  
 1 peza de truss triangular de 2,5 m. unión cónica  
 4 abrazadeiras de aluminio para tubo de 50 mm.  
 16 abrazadeiras de aluminio con argola para polipasto  
 4 polipastos jaguar de 500kg con 5 m. de cadea

- **Equipamento de iluminación:**

Mesa LT Tritton 48 canles/36 máster  
Dimmers VMB DS132/3000 W cada canle, 24 canles DMX 0-10  
Focos: 70  
20 PAR 64/1000W 120V soltos con lámpada CP60/CP62  
8 PAR led  
4 RECORTES ETC source 4 jr 25/50° 575W  
4 RECORTES Strand 28/40° 650W  
6 PC SELECOM ACCLAIM 650W (con palas)  
6 PC COMPACT SELECOM 1000W (con palas)  
6 PC ADB 1000W (con palas)  
4 FRESNEL SELECOM ACCLAIM 650W (con palas)  
4 PAR 575W con lentes intercambiabeis (con palas)  
2 PANORAMAS ASIMÉTRICOS 1000W (con portafiltros)

- **Equipamento de son**

P.A. 4000W  
WDB TM 1515 X 4  
WDB BRV 218 X 2  
Etapa de potencia  
WDB 130W 4ohms x 4 canles de etapa  
Mesa YAMAHA 01V 96  
    Previo tipo BEHRINGER AD 8000 / 24 canles  
    4 retornos escenario  
Monitorado  
6 MACKIE SRM 450W  
Microfonía:  
6 SHURE SM58  
6 SHURE inarámicos de diadema  
    3 SHURE SM57  
    1 SENNHEISER MD441  
    4 SENNHEISER E604  
    7 DI activas BEHRINGER (3 mono 4 stéreo)  
    Cableado e pés

- **Equipamento de vídeo**

Proxector TOSHIBA TLP-B2E 3500 lumens. Acepta sinal de ordenador  
Pantalla 2,5 m. X 3,5 m.  
Mesa de mesturas EDIROL V4  
Lector de DVD

Chévere realizou os traballos de **montaxe-desmontaxe** e asumiu os labores e custes de **mantemento** e **substitución** das dotacións técnicas instaladas no auditorio, asesorando ademais ao departamento de cultura de cara á mellora do auditorio:

- Traballos de inventariado, ordenación, clasificación, limpeza, reparación e substitución de material técnico, atrezzo e vestiario.
- Montaxe/desmontaxe de estruturas e instalación de iluminación, son e vídeo para diversas actividades no auditorio, organizadas polo concello.
- Estudo de carencias e melloras do auditorio en contacto coa Concellaría de Cultura e o arquitecto municipal, aportando información e documentación especializada, que deron como resultado o necesario acondicionamento do camarín, nova conexión trifásica no escenario, medidas de seguridade na caixa escénica ou acondicionamento de espazos de almacenamento.

As dotacións técnicas de Chévere estiveron a **disposición** do concello e dos grupos usuarios do Auditorio Constante Liste, coa condición de que estivesen sempre baixo a responsabilidade de persoal técnico cualificado, que estivese familiarizado coas instalacións do propio auditorio.

Algunhas destas dotacións úsanse en todas as actividades programadas no Auditorio, como por exemplo, as bancadas para o público, truss, varas electrificadas, linóleo... Outras foron utilizadas en función das necesidades de cada actividade. Algúns dos grupos que utilizaron, en maior ou menor medida, as dotacións técnicas achegadas por Chévere, son os seguintes:

- Grupos do Obradoiro Municipal de Teatro
- Varios departamentos municipais
- Grupo de Teatro Xuvenil IES de Cacheiras
- CEIP da Ramallosa
- Asпамite
- Educateatro
- Malasombra Producións
- Atlántico Teatro
- Lois Blanco
- Talía Teatro
- Ataque Escampe
- Redrum Teatro
- Antón Ferrari. O garaxe hermenéutico
- Baobab
- Caramuxo
- A Panadaría
- Liberto teatro

# PRODUCCIÓN E PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS, PARA A DINAMIZACIÓN DO AUDITORIO CONSTANTE LISTE E O ENRIQUECEMENTO DA OFERTA CULTURAL DO CONCELLO

O uso do Auditorio Municipal Constante Liste experimentou un incremento enorme nos últimos catro anos, fundamentalmente o seu **uso cultural e especificamente escénico**. Pódese dicir que o concello de Teo gañou un espazo teatral, algo ao que non é alleo o pulo dado pola presenza de Chévere, que centralizou en Teo os seus procesos de creación e produción, **estreando** no concello todas as súas creacións. Isto supuxo unha importante **atracción mediática** cara a Teo, tendo unha presenza relevante en espazos e medios como a Radio Galega, TVG, TVE, RNE, Cadena SER, Radio VOZ, El País, Público, La Voz de Galicia, La Opinión, Faro de Vigo, El Mundo, La Razón, Praza, etc.

Por un lado, a presenza de Chévere permitiu aos veciños e veciñas do concello acceder a un tipo de espectáculos normalmente restrinxidos ao ámbito da Rede Galega de Teatros e Auditorios (á que non pertence Teo), ampliando e enriquecendo a **oferta escénica local**. Por outro lado, Chévere programou os seus espectáculos no Auditorio Constante Liste ao longo de varias semanas, o que converteu ao concello de Teo no **único de toda Galicia que pode manter un espectáculo na carteleira local durante varias semanas**: Eroski Paraíso, as Ultranoites, Goldi Libre e Anatomía dunha serea son algúns exemplos. Ademais, a presenza de Chévere permitiu ao concello de Teo contar cunha **oferta escénica singular** e única como é a **Ultranoite**.

## XESTIÓN DA BILLETEIRA

Dentro da licitación contemplouse a posibilidade de xestionar a billeteira para axudar a **co-financiar** os gastos derivados das actividades e reducir o custe económico para o concello. Deste xeito, son as persoas **usuarias directas** que pagan unha entrada as que contribúen a co-financiar as actividades das que se benefician. Isto implica que a viabilidade do proxecto depende en boa medida do apoio popular que se consiga. Neste caso, foron máis de 8.000 espectadores os que avalaron o proxecto desenvolvido por Chévere, facéndoo viable.

A xestión da billetería implicou desenvolver un **sistema on line** de venda de entradas a través de internet. Optouse por implementar unha pasarela de pago a través da web de Chévere, que podemos xestionar e controlar directamente, sen custes engadidos para o público. Ademais, artellouse unha **rede de puntos de venda** en todo o territorio do concello, para **facilitar o acceso á venciñanza** que non use internet e para reforzar as ligazóns con espazos de socialización local: Cacheiras (Panadaría San José), Ramallosa (Santa Sede), Pontevea (A Senra), Calo (A Capilla), Casalonga (Loncho).



Chévere ocupouse de imprimir as entradas, cun deseño personalizado. Para o **servizo de atención ao público** e xestión da billeteira no propio auditorio, contouse cunha empresa de xestión cultural con sede no concello de Teo, Mada Producións. Nos días que hai función a billeteira funciona ademais como un **balcón cultural**, punto de difusión e venda de libros, discos e publicacións de teatro e música. Para suplir a carencia de transporte público e como valor engadido da programación, púxose en marcha un **servizo de autobuses** entre Compostela e Ramallosa, con paradas no concello de Santiago e no concello de Teo.

## AS PRODUCCIÓNS FEITAS

Chévere realizou catro tipo de producións durante estes tres anos:

1. **Ultranoites.** Centralizouse en Teo a súa exhibición para reforzar a identidade do proxecto de residencia tanto de cara ao público local como para atraer públicos doutros concellos, aproveitando a proxección da Ultranoite a toda Galicia. Entre 2016 e 2019 producíronse **4 Ultranoites**.
2. **As obras creadas por Chévere:** Río Bravo, Annus Horribilis, Curva España.
3. **As creacións feitas dentro da Berberecheira, un viveiro de creación e produción escénica único en Galicia:** Goldi Libre, Anatomía dunha serea, Salvador (co-produción).
4. **Producións audiovisuais:** a versión cinematográfica de Eroski Paraíso.

Total: 10 producións feitas

### ULTRANOITEO

A ULTRANOITE é un cabaré de variedades que ironiza sobre a actualidade, con números feitos especificamente para cada produción. Un espectáculo que integra teatro, música ao vivo, vídeo e artes circenses. Un espectáculo de produción propia, que só se pode ver no concello de Teo e atrae a público procedente de toda Galicia.

Obxectivos acadados:

- Dar estabilidade á Ultranoite, realizando catro novas producións e vinte funcións en tres anos.
- Dotar á oferta escénica do concello dun carácter único e diferenciado.
- Incorporar temáticas locais, como a Ultranoite dedicada ao San Martiño.
- Presenza e participación de artistas procedentes de toda Galicia, promovendo colaboracións, complicidades e convivencia entre distintas xeracións.

### ULTRANOITEO #107

- Período de ensaios, probas, montaxe e estrea realizadas durante o mes de xuño de 2016.
- 4 Funcións abertas ao público: días 3, 4, 10, 11 de xuño 2016.
- Número de persoas asistentes: 1.065

#### Equipa artística, técnica e de produción (total: 31 persoas)

- 17 actores, actrices, músicos, cantantes:  
**Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Mónica García, Arantza Villar, César Goldi, Xron, Borja Fernández, Marcos Ptt, Miguel de Lira, Serxio Zearreta, Xacobe Martínez Antelo, Manuel Cebrián, Max Gómez, Carlos Santiago, Pablo Reboleiro, Cristina Iglesias e Ruth Boente.**
- 1 director escénico, 1 director musical, 1 coreógrafo:  
**Xron, Xacobe Martínez Antelo, Marcos Ptt Carballido**
- 1 técnico son, 1 técnico iluminación:  
**Fidel Vázquez, Xurxo Pinheiro**
- 2 operadores de cámara, 1 técnica de edición de vídeo:  
**Margherite Morello e Oroboro Filmes**
- 1 xefa de produción, 1 auxiliar de produción:  
**Patricia de Lorenzo, Inés Portela**
- 1 comunicación, 1 deseñador gráfico:  
**Xana García, Fausto Isorna**
- 3 persoas no servizo de billeteira e atención ao público:  
**Inés Portela e Mada Producións**
- 2 camareiros +1 cociña no servizo de bar e cátering.
- 1 conductor, 1 encargada de limpeza:  
**Autobuses Sánchez, Mari Carmen Gómez**

#### ULTRANOITE SAN MARTIÑO #108

- Período de ensaios, probas, montaxe e estrea realizadas durante o mes de outubro e novembro de 2016.
- 4 Funcións abertas ao público: 31 outubro, 3, 4, 5 novembro de 2016.
- Número de persoas asistentes: 1.008

#### Equipa artística, técnica e de produción (total: 33 persoas)

- 19 actores, actrices, músicos, cantantes:  
**Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Xron, Miguel de Lira, Arantza Villar, Mónica García, Clara Gayo, Borja Fernández, Iván Marcos, César Goldi, Diego Anido, Pepe Penabade, Juan Moredo e A Panadaría e música ao vivo de Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez e Manuel Cebrián.**
- 1 director escénico, 1 director musical, 1 coreógrafo:  
**Xron, Xacobe Martínez Antelo, Iván Marcos**
- 1 técnico son, 1 técnico iluminación:  
**Fidel Vázquez, Xurxo Pinheiro**
- 2 operadores de cámara, 1 técnica de edición de vídeo:  
**Oroboro Filmes**
- 1 xefa de produción, 1 auxiliar de produción:  
**Patricia de Lorenzo, Inés Portela**
- 1 comunicación, 1 deseñador gráfico:  
**Xana García, Fausto Isorna**
- 3 persoas no servizo de billeteira e atención ao público:

#### **Inés Portela e Mada Producións**

- 2 camareiros +1 cociña no servizo de bar e cátering.
- 1 conductor, 1 encargada de limpeza:  
**Autobuses Sánchez, Mari Carmen Gómez**

#### **ULTRANOITE ANTOLÓXICA #109**

- Período de ensaios, probas, montaxe e estrea realizadas durante o mes de agosto e setembro de 2017.
- 6 Funcións abertas ao público: 8, 9, 15, 16, 22, 23 setembro 2017.
- Número de persoas asistentes: 1.351

#### **Equipa artística, técnica e de produción (total: 32 persoas)**

- 19 actores, actrices, músicos, cantantes:  
**Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Xron, Miguel de Lira, Arantza Villar, Mónica García, Clara Gayo, Borja Fernández, Carlos Santiago, César Goldi, Antón Coucheiro, Iria Pinheiro, Quico Cadaval, Luis Tosar, Piti Sanz, Carlos Blanco e co acompañamento musical ao vivo de Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez e Manuel Cebrián.**
- 1 director escénico, 1 director musical, 1 coreógrafa:  
**Xron, Xacobe Martínez Antelo, Mónica García**
- 1 técnico son, 1 técnico iluminación:  
**Fidel Vázquez, Xurxo Pinheiro**
- 2 operadores de cámara, 1 técnica de edición de vídeo:  
**Oroboro Filmes**
- 1 xefa de produción, 1 auxiliar de produción:  
**Patricia de Lorenzo, Inés Portela**
- 1 xefa de comunicación, 1 deseñador gráfico:  
**Xana García, Fausto Isorna**
- 3 persoas no servizo de billeteira e atención ao público:  
**Inés Portela e Mada Producións**
- 2 camareiros +1 cociña no servizo de bar e cátering.
- 1 conductor:  
**Autobuses Sánchez**

#### **ULTRANOITE #110**

- Período de ensaios, probas, montaxe e estrea realizadas durante o mes de agosto e setembro de 2018.
- 6 Funcións abertas ao público: 14, 15, 21, 22, 28, 29 setembro 2018.
- Número de persoas asistentes: 1.398

#### **Equipa artística, técnica e de produción (total: 30 persoas):**

- 18 actores, actrices, músicos, cantantes  
**Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Xron, Miguel de Lira, Arantza Villar, Mónica García, Clara Gayo, Borja Fernández, Diego Anido, Serxio Zearreta,**

Carlos Santiago, Akira, Iria Pinheiro, María Lado, Lucía Aldao e co acompañamento musical ao vivo de Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez e Manuel Cebrián.

E a participación especial da **BANDA DE TEO**.

- 1 director escénico, 1 director musical, 1 coreógrafa:  
**Xron, Xacobe Martínez Antelo, Mónica García**
- 1 técnico son, 1 técnico iluminación:  
**Fidel Vázquez, Xurxo Pinheiro**
- 2 operadores de cámara, 1 técnica de edición de vídeo:  
**Cuco Pino**
- 1 xefa de produción, 1 auxiliar de produción:  
**Patricia de Lorenzo, Inés Portela**
- 1 xefa de comunicación, 1 deseñador gráfico:  
**Xana García, Fausto Isorna**
- 3 persoas no servizo de billeteira e atención ao público:  
**Inés Portela e Mada Producións**
- 2 camareiros +1 cociña no servizo de bar e cátering.
- 1 conductor  
**Autobuses Sánchez**

## **AS CREACIÓNS DE CHÉVERE**

### **RÍO BRAVO**

Río Bravo é unha obra estreada orixinalmente en 1990, que tivo un remake en 2002 e que en 2017 volvemos producir para celebrar o 30 aniversario da creación Chévere, poñéndose en escena exclusivamente en tres concellos galegos: Teo, Santiago de Compostela e Cangas.

Río Bravo é unha recreación en clave de parodia do universo do western, mesturando Galicia con EE.UU. e usando referencias cinematográficas, literarias e da banda deseñada. Unha comedia musical con música ao vivo. Un dos espectáculos con máis público da historia do teatro galego.

- Ensaio realizado no Auditorio Constante Liste da Ramallosa durante o mes de xuño de 2017.
- Estrea en Teo: 28 xuño 2017
- Número de persoas asistentes: 125
- Entrada de balde

Produción propia. Economicamente esta produción financíase coas achegas do Concello de Santiago de Compostela, da MITCFC de Cangas e dos ingresos das billeteiras, ademais da achega propia de Chévere. A achega do concello de Teo foi en especie: o espazo de ensaio.

Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo (12 persoas):

**Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Manuel Cortés, Xron, Marcos Ptt Carballido, Xacobe Martínez Antelo, Max Gómez, Manuel Cebrián, Xana García, Fidel Vázquez, Xurxo Pinheiro, Carlos Alonso.**

### **ANNUS HORRIBILIS**

Annus Horribilis é unha obra estreada orixinalmente en 1994, que en 2017 volvemos producir para celebrar o 30 aniversario da creación Chévere, poñéndose en escena exclusivamente en Teo, Santiago de Compostela, Ribadavia e Tondela. Annus Horribilis é unha ópera de Chévere musicada por Fran Pérez, que conta a historia dunha suposta familia real galega á imaxe e semellanza das vicisitudes polas que estaba pasando a casa real inglesa a finais do século XX, pero usando referentes da cultura galega. A posta en escena prescinde da teatralización do libreto para crear unha situación escénica propia na que un grupo de cinco cantantes e un pianista afronta o reto de montar cos seus escasos recursos unha ópera completa.

- Ensaio realizado no Auditorio Constante Liste da Ramallosa durante o mes de xuño de 2017.
- Estrea en Teo: 27 xuño 2017
- Número de persoas asistentes: 125
- Entrada de balde

Produción propia. Economicamente esta produción financiose coas achegas do Concello de Santiago de Compostela, Tom de Festa de Tondela (Portugal), MIT Ribadavia e dos ingresos das billeteiras, ademais da achega propia de Chévere. A achega do concello de Teo foi en especie: o espazo de ensaio.

Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo (11 persoas):

**Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Manuel Cortés, Xron, César Goldi, Borja Fernández, Suso Alonso, Xana García, Fidel Vázquez, Xurxo Pinheiro, Carlos Alonso.**

### **CURVA ESPAÑA**

Curva España é a máis recente creación de Chévere, un documental escénico que mestura teatro e cine en directo. Antes do remate do contrato, desenvolveuse en Teo a fase de pre-produción, tendo que adiar a última fase de ensaios ao non estar dispoñible o auditorio polas campañas electorais da primavera.

- Documentación, investigación, adestramento e primeiros ensaios realizados no Auditorio Constante Liste da Ramallosa durante os meses de marzo e abril 2019.

Producción propia. Economicamente esta produción financiose coas achegas da Comunidade de Madrid e de Chévere. A achega do concello de Teo foi en especie: o espazo de ensaio.

Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo (13 persoas):

**Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Xron, Fidel Vázquez, Manuel Cortés, Lucía Estévez, Leticia Blanco, Óscar Villán, Xana García, Inés Portela, Renata Uzal, Laura Iturralde, Xacobe Martínez Antelo.**

## **A BERBERECHEIRA**

### **GOLDI LIBRE!**

Este é o primeiro proxecto acollido e desenvolvido no viveiro/laboratorio de creación escénica promovido por Chévere en Teo baixo a denominación de Berberecheira. Durante o proceso de investigación realizáronse en Teo encontros e debates con persoas vencelladas a organizacións anti-militaristas e ao movemento de insubmisión en Galicia, que foron rexistradas en vídeo. Tamén se realizaron charlas co alumnado do IES de Cacheiras e coa veciñanza ao remate dalgunha das funcións.

Goldi libre é o primeiro espectáculo en solitario dun actor residente no concello de Teo: César Martínez Goldi. Profundizando no teatro documental, lévase a escena unha experiencia de vida que conecta a vivencia en primeira persoa (Goldi foi xulgado, condenado e encarcerado por negarse a facer o servizo militar) e a documentación dun movemento social de gran alcance durante os anos 80 e 90 do pasado século (o movemento de obxección de conciencia e insubmisión).

- Documentación, investigación, adestramento e ensaios realizados na Biblioteca-Casa Común dos Tilos e no Auditorio Constante Liste da Ramallosa durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2016.
- 4 funcións abertas ao público: 13, 14, 20, 21 outubro 2016.
- 1 función para alumnado do IES Cacheiras: 21 outubro 2016.
- Número de persoas asistentes: 451

Producción propia. Para esta produción logrouse unha achega complementaria da Xunta de Galicia.

Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo (9 persoas):

**César Goldi, Xron, Patricia de Lorenzo, Xana García, Xacobe Martínez Antelo, Manuel Cortés, Fidel Vázquez, Fausto Isorna, Inés Portela.**

## SALVADOR

Este é o segundo proxecto acollido e desenvolvido na Berberecheira. Ademais das funcións do espectáculo, realizouse en Teo un obradoiro aberto á veciñanza arredor da emigración galega á América e das prácticas de documentación escénica.

**Salvador** é unha obra de **Borja Fernández** para un actor/músico e unha video jockey/manipuladora de obxectos, a medio camiño entre o documental e a ficción teatral, na que se combinan texto, movemento, música en directo e proxeccións de vídeo. **Salvador** trata sobre os **movementos migratorios**, as **desaparicións** e os **reencontros**, centrando o seu interese nos casos de homes casados que emigraron só a mediados do século pasado a Suramérica e no impacto da súa ausencia na configuración das comunidades locais, das familias e dos seus descendentes. **Salvador** investiga especificamente a misteriosa figura de **Benito Fernandes Meirinho**, avó paterno de Borja Fernández, que emigrou a **Brasil en 1959** e nunca máis volveu.

- Documentación, investigación, adestramento e ensaios realizados no Auditorio Constante Liste da Ramallosa durante o mes de agosto 2016 e maio 2017.
- 2 funcións abertas ao público: 16, 17 xuño 2017.
- Número de persoas asistentes: 65

Obra feita en co-produción coa Compañía Borja Fernández.

Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo (10 persoas):

**Borja Fernández, Laura Etxeverría, Uxía Vaello, Diego Anido, Manuel Cortés, Xron, Patricia de Lorenzo, Xana García, Fidel Vázquez, Inés Portela.**

## ANATOMÍA DUNHA SEREA

Este é o terceiro proxecto acollido e desenvolvido na Berberecheira. Durante o proceso de investigación e documentación organizouse un grupo de debate con mulleres do concello de Teo para compartir experiencias arredor da maternidade e o parto, que contou coa colaboración do CIM do concello.

*Anatomía dunha serea* é un peza de teatro documental e autobiográfico construída sobre a memoria e a experiencia persoal da actriz **Iria Pinheiro** como muller, como nai e como vítima da **violencia obstétrica**. Fala das condicións nas que se dá a vida na sociedade actual, de como concibimos a **maternidade** nun mundo dominado pola lóxica do beneficio económico, de como asumimos a violencia contra as mulleres dentro dun **hospital** ou dunha sala de partos. Fala de **violencia de xénero** en lugares insospeitados. Da falta de respecto pola intimidade nas contornas sanitarias e de certos tabús que persisten na sociedade hoxe e aquí.

- Documentación, investigación, adestramento e ensaios realizados no Auditorio Constante Liste da Ramallosa durante o mes de setembro e outubro de 2018.
- 4 funcións abertas ao público: 18, 19, 25, 26 outubro 2018.
- Número de persoas asistentes: 374

Produción propia. Para esta produción logrouse unha achega complementaria da Xunta de Galicia.

Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo (11 persoas):

Iria Pinheiro, Xron, Patricia de Lorenzo, María Lado, Paula Pez, Xana García, Illa Bufarda, Suso Jalda, Inés Portela, Xacobe Martínez Antelo.

## PRODUCCIÓNS AUDIOVISUAIS

### ERSOKI PARAÍSO, O FILME

Dado o éxito e proxección de Eroski Paraíso e aproveitando a oportunidade de poder colaborar coa produtora de Jorge Coira, Ollovivo, fíxose a produción da versión cinematográfica da obra de teatro. A rodaxe en plató desenvolveuse integramente en Teo.

- Ensaios e rodaxe realizada no Auditorio Constante Liste da Ramallosa durante os meses de agosto e setembro de 2018.

Produción propia. Os custes da rodaxe cubríronse coas achegas das empresas Vegalsa, Deleite, Ollovivo e Chévere. A achega do concello de Teo foi en especie: o espazo de rodaxe.

Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo (23 persoas):

- Actores, actrices: **Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cristina Iglesias, Fidel Vázquez, Luis Martínez, Ana Santos, Federico Pérez**
- Dirección: **Xron, Jorge Coira**
- Producción: **Gaspar Broullón, Patricia de Lorenzo**
- Fotografía e cámaras: **Lucía Catoira, Fidel Vázquez, Noemí Chantada, Pablo Fontenla, Jaime Pérez**
- Son: **Juan Gay, Roi Gil**
- Arte: **Antonio Pereira, Quique Martínez**
- Vestiario: **Uxía P. Vaello**
- Comunicación: **Xana García**
- Meritorios: **Daniel Coira, Iago Martínez, Clara Coira**



## **OUTRAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS NO AUDITORIO**

Durante a duración do contrato, Chévere mantivo unha programación estable de artes escénicas en Teo, dentro das posibilidades e dispoñibilidade do Auditorio, baseada en dous eixes:

- As produción de Chévere, incluídas as ultranoites (que xa foron descritas no apartado anterior).
- Outras producións complementarias, tanto resultado do viveiro de produción, como das residencias técnicas de proxectos en desenvolvemento e outras colaboracións e intercambios promovidos por Chévere.

As funcións programadas das producións propias xa foron sinaladas no apartado anterior. A continuación describíense outras obras e actividades programadas por Chévere no Auditorio Constante Liste. Indicar que non se puideron levar a cabo todas as programacións previstas pola escasa dispoñibilidade de datas no Auditorio en fin de semana (venres, sábado, domingo).

### **SOUNDPAININGTEO**

Mostra aberta do traballo feito durante os meses anteriores, con participación das persoas usuarias de ASPAMITE, Chévere e outros colectivos do concello.

- 1 función aberta ao público: xoves 1 xuño 2017
- Número de persoas asitentes: 40
- Entrada de balde

### **COMPANHIA DE TEATRO DE BRAGA (PORTUGAL)**

Dentro do acordo de colaboración establecido entre Chévere e a Companhia de Teatro de Braga, unha das máis veteranas e consolidadas de Portugal, ofreceuse ao público do concello de Teo unha representación en versión orixinal da obra “**Aínda o último judeu e os outros**”.

- 1 función aberta ao público: martes 31 outubro de 2017
- Número de persoas asistentes: 32

### **Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo:**

Alexandre Sá, Carlos Feio, Eduarda Filipa, Rogério Boane, Sílvia Brito, Solange Sá, Abel Neves, Nilton Teixeira, Xron, Patricia de Lorenzo, Inés Portela, Xana García, Fidel Vázquez.

## EROSKI PARAÍSO

Despois de tres anos de xira, superando os 30.000 espectadores e as 125 representacións en Galicia, 12 comunidades autónomas españolas, Portugal e Francia, Chévere volveu ao Auditorio Constante Liste para despedir Eroski Paraíso, unha produción feita no concello de Teo en 2016.

- 6 funcións abertas ao público: 25, 26, 27 xaneiro / 8, 9, 10 febreiro 2019
- Número de persoas asistentes: 750

### Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo:

Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cristina Iglesias, Luis Martínez, Fidel Vázquez, Quique Martínez, Xron, Inés Portela, Xana García.

## BERBERECHEIRA COMPLETA

Como mostra do traballo escénico xerado no concello de Teo nos últimos tres anos, fíxose unha mostra integral dos proxectos acollidos na Berberecheira, o viveiro/laboratorio promovido por Chévere en Teo: Goldi Libre, Salvador e Anatomía dunha serea.

Ao mesmo tempo presentouse o libro que recolle os textos das tres obras estreadas, xunto a outros escritos e imaxes.

- 3 funcións abertas ao público: 15, 16, 17 febreiro 2019.
- Número de persoas asistentes: 152

### Equipo implicado no traballo desenvolvido en Teo:

César Goldi, Borja Fernández, Iria Pinheiro, Patricia de Lorenzo, Fidel Vázquez, Xron, Laura Iturralde, Suso Jalda, Inés Portela, Xana García.

## RESUMO DA PROGRAMACIÓN NO AUDITORIO CONSTANTE LISTE DA RAMALLOSA

*Táboa 1. Relación de espectáculos programados no Auditorio Constante Liste*

Obra	Elenco	Datas	Nº funcións	Ponderación	Público
Ultranoite 107	17	Xuño 2016	4	8	1065
Ultranoite 108	19	Novembro 2016	4	8	1008
Goldi Libre	1	Outubro 2016	5	5	451
SounPaintingTeo	14	Xuño 2017	1	2	40
Salvador	1	Xuño 2017	2	2	65
Río Bravo	6	Xuño 2017	1	1,5	125
Annus Horribilis	6	Xuño 2017	1	1,5	125
Ultranoite 109	19	setembro 2017	6	12	1351
Teatro de Braga	6	Outubro 2017	1	1,5	32
Ultranoite 110	18	Setembro2018	6	12	1398
Anatomía dunha serea	1	Outubro 2018	4	4	374
Eroski Paraíso	5	Febreiro 2019	6	9	750
Berberecheira	1	Febreiro 2019	3	3	152
<b>TOTAL</b>			<b>44</b>	<b>69,5</b>	<b>6936</b>

O número total de funcións feitas foi de 44.

Coa ponderación establecida no contrato o número total foi de 69,5 funcións.

O contrato esixía facer 36 funcións.

O número de funcións realizadas superou en 33,5 o esixido (un 93% máis).

# PROGRAMACIÓN NOUTROS ESPAZOS DO CONCELLO

## 2016

### 5 XUÑO

AS FILLAS BRAVAS espectáculo  
Carballeira de Francos, FESTEIO  
Número de persoas asistentes: 150  
Entrada de balde

### 12 XULLO

GOLDI LIBRE charla coloquio  
Casa Común Os Tilos  
Número de persoas asistentes: 20  
Entrada de balde

### 10 SETEMBRO

AS FILLAS BRAVAS espectáculo  
Casa Común de Bamonde  
Número de persoas asistentes: 60  
Entrada de balde

### 6 OUTUBRO

A VIAXE DOS CHÉVERE proxección e coloquio  
Centro ASPAMITE As Galanas  
Número de persoas asistentes: 30  
Entrada de balde

### 20 OUTUBRO

GOLDI LIBRE charla coloquio  
Salón de Actos IES Cacheiras  
Número de persoas asistentes: 95  
Entrada de balde

### 23 OUTUBRO

AS FILLAS BRAVAS espectáculo  
Local da Asociación O Cachón de Vilar de Calo  
Número de persoas asistentes: 90  
Entrada de balde

## **2017**

### **30 MAIO**

O DÍA QUE AS MULLERES GOBERNEN O MUNDO conferencia-espectáculo

Salón de actos IES Cacheiras

Número de persoas asistentes: 125

Entrada de balde

### **11 XUÑO**

SOUNDPAININGTEO concerto

Carballeira de Francos, FESTEIO

Número de persoas asistentes: 200

Entrada de balde

### **16 NOVENBRO**

SOUNDPAININGTEO obradoiro

Local da A.C. A Mámoa, Luou

### **30 NOVENBRO**

SOUNDPAININGTEO obradoiro

Local da A.C. A Mámoa, Luou

### **14 DECEMBRO**

SOUNDPAININGTEO obradoiro

Local da A.C. A Mámoa, Luou

## **2018**

### **8 FEBREIRO**

I'LL BE WATCHING YOU espectáculo

Salón de actos IES Cacheiras

Número de persoas asistentes: 120

Entrada de balde

### **9 FEBREIRO**

SOUNDPAININGTEO obradoiro-ensaio coa Banda de Teo

Casa Común de Oza

### **12 MAIO**

SOUNDPAININGTEO obradoiro-ensaio coa Banda de Teo

Casa Común de Oza

### **8 XUÑO**

SOUNDPAININGTEO obradoiro

Centro ASPAMITE As Galanas

## **10 XUÑO**

SOUNDPAINTINGTEO concerto coa Banda de Teo  
Carballeira de Francos, FESTEIO  
Número de persoas asistentes: 200  
Entrada de balde

## **22 NOVENBRO**

O FALAR SEN CANCELAS charla-coloquio con Iria Pinheiro  
ANATOMÍA DUNHA SEREA  
CEIP Calo  
Número de persoas asistentes: 14  
Entrada de balde

- Número de actividades: 17
- Número de espazos: 9
- Número de persoas asistentes: 1.104

## ACTIVIDADES REALIZADAS POR ANOS


Táboa 2. Número de días de actividade por tempada

	2016/17	2017/18	2018/19	TOTAL
Funcións	21	20	28	69
Outras actividades	23	24	9	56
Total	44	44	37	125

Táboa 3. Diferencia entre nº días esixidos no contrato e nº de días de actividade

	206/17	2017/18	2018/19	TOTAL
Días esixidos	20	20	20	60
Diferencia	+24	+24	+17	+65 (+108%)

Gráfico 1. Día de actividades por tipoloxía




O número total de persoas asistentes e/ou participantes nas actividades desenvolvidas por Chévere en Teo foi de 8.260 persoas.

## PREZO REAL DE MERCADO DA PROGRAMACIÓN FEITA

Tendo en conta o prezo de mercado de cada un dos espectáculos programados (prezo de venda a outros concellos, tomando como referencia o prezo para os circuítos públicos galegos da Xunta de Galicia), esta é a valoración económica real das funcións realizadas por Chévere no concello de Teo entre 2016 e 2019:

- **ULTRANOITEO**  
4 producións/20 funcións cos medios técnicos incluídos: 6.292€ x 20: 125.840€ IVE inc.
- **GOLDI LIBRE**  
6 funcións cos medios técnicos incluídos: 2.057€ x 6: 12.342€ IVE inc.
- **SALVADOR**  
3 funcións cos medios técnicos incluídos: 2.420€ x 3: 7.260€ IVE inc.
- **RÍO BRAVO**  
1 función cos medios técnicos incluídos: 6.050€ IVE inc.
- **ANNUS HORRÍBILIS**  
1 función cos medios técnicos incluídos: 6.050€ IVE inc.
- **TEATRO DE BRAGA (PORTUGAL)**  
1 función cos medios técnicos incluídos: 6.171€ IVE inc.
- **ANATOMÍA DUNHA SEREA**  
5 funcións cos medios técnicos incluídos: 2.178€ x 5: 10.890€ IVE inc.
- **EROSKI PARAÍSO**  
6 funcións cos medios técnicos incluídos: 5.082€ x 6: 30.492€ IVE inc.
- **AS FILLAS BRAVAS**  
3 funcións (Bamonde, Francos, Vilar de Calo) cos medios técnicos incluídos: 2.117€ x 3: 6.351€ IVE inc.
- **I'LL BE WATCHING YOOU**  
1 función (IES Cacheiras) cos medios técnicos incluídos: 1.600€ IVE inc.
- **O DÍA QUE AS MULLERES**  
1 función (IES Cacheiras): 600€ IVE inc.
- **TOTAL:**  
**169.500€ + IVE (21%) = 213.646€**

Gráfico 2. Aforro para o concello sobre o prezo de mercado





# PROXECTOS DE COLABORACIÓN QUE CONTAN COA PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE LOCAL E DO TECIDO ASOCIATIVO DO CONCELLO

Neste apartado o proxecto principal e prioritario foi o de **SoundpaintingTeo**, que se foi deseñando e desenvolvendo co asesoramento do equipo de profesionais da ASPAMITE (Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Intelectual do concello de Teo). Os magníficos resultados acadados xa desde o comezo, a impresionante resposta das persoas usuarias de ASPAMITE con diversidade funcional e a implicación total das profesionais e das familias da asociación decidíronnos a **ampliar o alcance do proxecto**, aínda que isto provocou o adiamento da posta en marcha dalgunha outra proposta prevista no plan inicial.

## SOUNDPAINTING TEO

Soundpainting é o nome que se dá a unha linguaxe universal de sinais para a composición multidisciplinar ao vivo, creada polo compositor norteamericano Walter Thomson e que se foi espallando polo mundo enteiro. O que fixemos en Teo foi constituír un colectivo de Soundpainting, cun obxectivo prioritario de **integración social de persoas con diversidade** do concello e de colaboración entre distintas institucións, grupos, colectivos e persoas residentes. Difundimos e puxemos en práctica esta técnica de improvisación, tanto no mundo profesional da creación e interpretación artística como na súa faceta pedagóxica. Combinando o adestramento continuo e as prácticas con público, o colectivo de Soundpainting Teo funcionou como un obradoiro estable de integración social a través da creatividade compartida.

### Traballo de deseño e preparación:

Ao longo do verán de 2016 Chévere constituíu un núcleo estable de artistas vencellados ao proxecto:

- **Patricia de Lorenzo**, directora.
- **Xron**, asesoramento e documentación.
- **Xacobe Martínez Antelo**, coordinador artístico e adestrador principal.
- **Arantza Villar e Borja Fernández**, adestradores asistentes.
- **Roberto C. Goday e César Goldi**, artistas colaboradores.

Durante o mes de setembro mantivéronse contactos e reunións de traballo co persoal responsable de ASPAMITE para establecer un asesoramento e unha colaboración estable que permitise ás persoas usuarias tanto do seu **Centro de Día** como do seu **Centro Ocupacional** participar activamente no proxecto. En outubro de 2016 organizouse un encontro coas familias e coas persoas usuarias de ASPAMITE para presentarlles o proxecto e coñecer a súa opinión e expectativas. A resposta foi enormemente positiva, tanto que a única limitación existente para participaren todas as persoas usuarias é o feito de contar cun único medio de transporte para un máximo de 8 persoas por sesión.

## Posta en marcha e desenvolvemento das actividades:

As sesións regulares do obradoiro comezaron o 14 de outubro, manténdose cunha duración de 75 minutos, unha periodicidade quincenal ata o mes de maio e unha participación media de 8 persoas usuarias (17 en total), 2 titoras profesionais e 6 artistas. Puntualmente contouse coa presenza e/ou participación doutras persoas interesadas no proxecto (artistas, persoal da sanidade e da educación, veciñanza, músicos da banda...), despois de enviar información a profesionais e colectivos do concello. Ademais de **ASPAMITE**, colaboraron e participaron no desenvolvemento do programa a **A.C. A Mámoa** de Luou, a **Banda de Teo** e outros **artistas residentes** no concello como Óscar Villán. En total, participaron no programa 49 persoas do concello. Ao rematar a primeira tempada, fíxose unha reunión co persoal de ASPAMITE para avaliar o desenvolvemento do programa e introducir melloras, dándose continuidade ás actividades durante a seguinte tempada.

### 2016

- Sesións de obradoiro feitas: 6
- Espazos: local de ASPAMITE nas Galanas, Auditorio Constante Liste da Ramallosa
- Outubro: días 14 e 27
- Novembro: días 10 e 24
- Decembro: días 5 e 19

### 2017

- Sesións de obradoiro feitas: 16
- Espazos: local de ASPAMITE nas Galanas, A Mámoa (Luou), Auditorio Constante Liste da Ramallosa
- Xaneiro: día 19
- Febreiro: días 2 e 13
- Marzo: días 2, 16 e 30
- Abril: días 6 e 20
- Maio: días 4 e 18
- Outubro: días 14 e 27
- Novembro: días 10 e 24
- Decembro: días 5 e 19

Durante o último trimestre de 2017 fixéronse sesións que contaron coa colaboración e participación de persoas asociadas á AC A Mámoa de Luou. Tamén se contou coa participación dalgunhas das persoas integrantes da corporación municipal.

Ademais, fíxose unha sesión aberta a familias e veciñanza o 1 de xuño no Auditorio Constante Liste da Ramallosa.

E como remate da tempada, fíxose unha presentación pública con mostra do traballo e actuación no Festeo, Carballeira de Francos, o día 11 de xullo de 2017, en colaboración co Concello de Teo e a Asociación de Veciños de Francos.

## 2018

- Sesións de obradoiro feitas: 15
- Espazos: local de ASPAMITE nas Galanas, Casa Común de Oza, Auditorio Constante Liste da Ramallosa.
- Xaneiro: días 8, 22 e 29
- Febreiro: días 9, 19 e 26
- Marzo: días 5 e 19
- Abril: días 16 e 30
- Maio: días 3, 12, 18 e 28
- Xuño: día 8

Durante o primeiro semestre de 2018 estableceuse unha colaboración coa Banda de Teo, contando coa participación dunha boa parte dos seus integrantes.

Ademais, como remate da tempada, fíxose unha presentación pública con mostra do traballo e actuación no Festeo, Carballeira de Francos, o día 10 de xullo de 2018, para a que se contou coa participación da Banda de Teo.

### Resumo da actividade:

- Número de sesións de obradoiros realizadas: 37
- Número de presentacións públicas: 3
- Número de persoas participantes: 49
- Número de espazos do concello con actividade: 5

## **TEATRO, EMIGRACIÓN E MEMORIA FAMILIAR**

- **TIPO DE ACTIVIDADE:** ENCONTRO-OBRAIDRO COA VECIÑANZA DE TEO A PARTIR DUNHA INVESTIGACIÓNS ESCÉNICA SOBRE A MEMORIA FAMILIAR E A EMIGRACIÓN
- **IMPARTIDO POR:** BORJA FERNÁNDEZ, LAURA ITURRALDE
- **LUGAR:** AUDITORIO CONSTANTE LISTE RAMALLOSA (TEO)
- **DATAS:** LUNS 12 E MÉRCORES 14 DE XUÑO 2017
- **HORARIO:** 18,00H. A 21,00H.
- **PERSOAS PARTICIPANTES:** 16

**DIRIXIDO** A calquera veciña ou veciño do concello que teña ou tivese algún familiar emigrado en América e a calquera outra persoa que teña interese no tema da emigración e a memoria familiar. Participaron varios membros dunha mesma familia e de distintas xeracións (pais/fillos/netos e nais/fillas/netas), sen experiencia previa en teatro.

Neste obradoiro Borja Fernández ensinou as tripas do proceso de creación e documentación da obra. Compartiu coas persoas asistentes os resultados da investigación realizada sobre a vida dun emigrante galego a América nos anos 50. E mostrou como as nosas biografías persoais e familiares serven para construír situacións escénicas, valéndose principalmente de fotografías. Todas as persoas participantes no obradoiro foron convidadas a un dos pases da obra SALVADOR que se fixeron no Auditorio Constante Liste.

## **ANATOMÍA DUNHA SEREA**

- **TIPO DE ACTIVIDADE:** ENCONTRO-DEBATE CON MULLERES DO CONCELLO
- **DIRIXIDA POR:** IRIA PINHEIRO, PATRICIA DE LORENZO
- **LUGAR:** AUDITORIO CONSTANTE LISTE RAMALLOSA (TEO)
- **DATAS:** MARTES 3 DE XULLO 2018
- **HORARIO:** 10,00H. A 14,00H.
- **PERSOAS PARTICIPANTES:** 14

Durante o proceso de investigación e documentación organizouse un grupo de debate con mulleres do concello de Teo para compartir experiencias arredor da maternidade e o parto, que contou coa **colaboración do CIM** do concello.

Seleccionáronse mulleres interesadas en participar tratando de conformar un grupo diverso en canto a idade e procedencia. Patricia de Lorenzo actuou como dinamizadora e moderadora do debate, informando da mecánica a seguir. Iria Pinheiro contou a súa experiencia de parto e a metodoloxía de traballo seguida para crear o espectáculo a partir desa experiencia. Despois cada muller participante fixo unha exposición propia da súa experiencia de maternidade e parto e a continuación desenvolveuse o debate durante dúas horas, activando a participación de todas as mulleres presentes.

## ACTIVIDADES NO ÁMBITO EDUCATIVO

En coordinación co persoal da concellaría de cultura e educación, durante os cursos 2016/17 e 2017/18 programáronse varias actividades no ámbito educativo, aproveitando os espectáculos producidos por Chévere que puidesen ter un interese pedagóxico, sobre todo para o alumnado de 12 a 17 anos:

- En paralelo á estrea da obra Goldi Libre!, o 20 de outubro de 2016 no salón de actos do IES de Cacheiras houbo un grupo de discusión e coloquio sobre o movemento de obxección de conciencia e insubmisión, con participación de profesorado, alumnado de bacharelato, César Goldi e Xesús Ron.
- Un grupo duns 140 alumnos de bacharelato do IES de Cacheiras asistiu a unha función da obra Goldi Libre! no Auditorio Constante Liste da Ramallosa o 21 de outubro de 2016.
- O 30 de maio de 2017 no salón de actos do IES de Cacheiras organizouse unha charla teatralizada para o alumnado de 3º-4º de ESO, titulada “O día que as mulleres gobernen o mundo”, un proxecto de colaboración entre Chévere e Promove, unha consultora especializada en igualdade, no que participaron Patricia de Lorenzo e Fátima Rodríguez e ao que asistiron arredor de 120 rapazas e rapaces e 5 docentes.
- O 8 de febreiro de 2018 no salón de actos do IES Cacheiras, fíxose unha función do espectáculo I’ll be watching you, orientado a sensibilizar ao alumnado sobre a violencia machista a partir dun repertorio de cancións populares entre a xente nova.
- Colaboración e participación nunha actividade da AMPA do CEIP Calo o 22 de novembro de 2018 titulada O Falar sen cancelas.

# ACTIVIDADES DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CON COMPAÑÍAS E ARTISTAS GALEGAS E DE FÓRA DE GALICIA

## A BERBERECHEIRA

Dentro do proxecto de residencia, Chévere puxo en marcha a Berberecheira, un viveiro/laboratorio de creación e acompañamento escénico para dar soporte e asesoramento a proxectos que axuden a documentar aspectos da nosa historia recente. Trátase dunha iniciativa de custodia do territorio escénico, única en Galicia, que mestura coaching, mentorización e soporte para xerar proxectos sostibles de creación que desbordan o núcleo estable de Chévere, é dicir, que proceden de fóra de Chévere, pero que son acollidos e avalados por Chévere.

Chévere dá soporte, asesoramento e acompañamento artístico, pon a estrutura da compañía ao servizo dos proxectos acollidos na Berberecheira, achega un plan financeiro, coida e avala a calidade do traballo e dá apoio e soporte económico á distribución do espectáculo.

Ademais, Chévere recolleu nun libro a experiencia da Berberecheira para documentala e dar difusión aos traballos, axudando a divulgar o teatro galego facilitando o acceso aos textos máis contemporáneos. O libro da Berberecheira publicouse cunha tirada de 500 exemplares, distribuídos en librarías especializadas, festivais e eventos teatrais.

## GOLDI LIBRE!

- Residencia de creación, adestramento, documentación, ensaios e estrea do proxecto Goldi Libre, de César Goldi.
- Datas: Xuño, xullo, setembro, outubro 2016.
- Espazos do concello: Casa Común Os Tilos, IES Cacheiras, Auditorio Constante Liste (Ramallosa)

Trátase dun proxecto do actor residente en Teo César Goldi, sobre a súa experiencia como activista do movemento de insumisión xulgado e condenado ao cárcere en 1994. Un traballo de documentación histórica e teatro autobiográfico aínda inédito en Galicia. O proceso desenvolveuse durante os meses de xuño, xullo, setembro e outubro de 2016. Chévere ofreceu soporte, asesoramento e acompañamento ao proceso, responsabilizándose da dirección escénica, escrita e produción da peza. En paralelo, desenvolveuse un traballo de documentación sobre o movemento de obxección de conciencia e insumisión en Galicia, organizándose en Teo varios grupos de discusión nos que participaron numerosas persoas ligadas a colectivos antimilitaristas, organizacións sociais e medios de comunicación. Tamén se levaron a

cabo encontros co alumnado e profesorado do IES de Cacheiras e a peza foi estreada en Teo, ofrecéndose varias funcións á veciñanza durante o mes de outubro.

Despois da súa estrea en Teo, Goldi libre iniciou unha xira que se prolongou durante tres anos, superando as 40 representacións tanto en Galicia coma noutras comunidades (Cataluña, País Vasco, Navarra, Valencia, Madrid, Cantabria, Asturias). O espectáculo estreouse en galego, castelán e catalán.

## SALVADOR

- Residencia de creación, deseño e desenvolvemento do proxecto Salvador, de Borja Fernández
- Datas: agosto 2016, maio e xuño 2017.
- Espazos: Auditorio Constante Liste.

Trátase dun proxecto escénico do actor, músico e bailarín pontevedrés Borja Fernández sobre os movementos migratorios, as desaparicións, as casualidades e os encontros, baseado nun exhaustivo traballo de documentación sobre o seu abó, que marchou para Sudamérica nos anos 50 e formou alá unha nova familia, perdendo o contacto coa familia que quedou en Galicia. Chévere ofreceu soporte técnico, asesoramento artístico e acompañamento durante o proceso, facendo unha achega económica para a súa produción.

## ANATOMÍA DUNHA SEREA

- Residencia de creación, adestramento, documentación, ensaios e estrea.
- Datas: xullo, setembro, outubro 2018.
- Espazos: Auditorio Constante Liste (Ramallosa), CEIP Calo.

Trátase dunha peza de teatro documental e autobiográfico construída sobre a memoria e a experiencia persoal da actriz Iria Pinheiro como muller, como nai e como vítima da **violencia obstétrica**. *Anatomía dunha serea* nace da necesidade de contar unha historia íntima, de transformar un acontecemento único e ao mesmo tempo común a moitas mulleres nun acto escénico compartido. Un relato aparentemente unipersoal e illado que de pronto ten eco noutras persoas en todo o mundo, converténdose nunha historia global contada nunha voz soa.

Por este traballo Iria Pinheiro recibiu o Premio María Casares á mellor actriz protagonista en 2019, o Premio Maruxa Villanueva 2018 e o Premio María Casares ao mellor texto orixinal, xunto á escritora e poeta María Lado, co-autora do texto. O espectáculo está en xira, presentouse nas principais cidades galegas e proximamente o fará en Madrid, Sevilla e Zamora na súa versión en castelán.

## ESCENA IBÉRICA

Escena Ibérica é un proxecto en rede que se artella nunha serie de áreas e que se concreta nunha diversidade de actividades relacionadas coa xestión e programación cultural, a creación e a formación artística, a internacionalización e a mobilidade transfronteriza de artistas, equipos técnicos e profesionais entre España e Portugal. Chévere participou como socio de Escena Ibérica durante os anos 2016 e 2017, en colaboración coas seguintes compañías e proxectos teatrais portugueses e españois:

- Teatro do Montemuro, Beira Alta.
- Companhia de Teatro de Braga.
- CENDREV, Centro Dramático de Évora.
- Teatro das Beiras, Covilhã.
- ACTA, A Companhia de Teatro do Algarve.
- Teatro Guirigai, Badajoz.
- La Fundación, Sevilla.
- La Nave del Duende, Cáceres.
- Plasencia (concello).
- Faro (concello).

Dentro das actividades de Chévere como compañía residente en Teo, a posibilidade de establecer relacións e intercambios con compañías escénicas de Portugal é un xeito de ampliar e enriquecer a programación teatral do concello de Teo. En maio do ano 2017 Chévere foi convidado pola Companhia de Teatro de Braga para presentar en Portugal a obra “Eroski Paraíso” e o proxecto de compañía residente que desenvolve en Teo. En outubro de 2017 foi a Companhia de Teatro de Braga a que veu a Galicia para presentar no Auditorio Constante Liste da Ramallosa o seu espectáculo “Ainda o Último Judeu e os Outros” e o proxecto da súa compañía.



# MEMORIA ECONÓMICA

## GASTOS

1. PRODUCCIÓN PROPIAS E PROGRAMACIÓN  
(Ultranoites, obras de teatro, audiovisuais)

Sub-total capítulo 01 203.950,00 €

2. OUTRAS PROGRAMACIÓN

Sub-total capítulo 02 23.810,00 €

3. OUTRAS ACTIVIDADES (proxectos coa comunidade,  
ámbito educativo, asistencia técnica)

Sub-total capítulo 03 15.646,00 €

TOTAL GASTOS\* 243.406,00 €

\*Cantidades sen IVE

Gráfico 3. Desglose dos gastos por tipo de actividade





Gráfico 4. Porcentaxe de autofinanciamento das actividades



1: Ultranoite 2: Producións Chévere 3: Berberecheira 4: Audiovisuais 5: Outra programación 6: Outras actividades

## INGRESOS

Concello de Teo	90.000,00 €
Billeteira	45.340,00 €
Outras achegas públicas e privadas	83.150,00 €
Achega propia Chévere	24.916,00 €
<b>TOTAL INGRESOS*</b>	<b>243.406,00 €</b>

\*Cantidades sen IVE

Gráfico 5. Desglose dos ingresos por procedencia

